Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Astroloxía/ Meteoroloxía

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 064: A misión maldita

A igrexa católica mantivo por moito tempo unhas actividades itinerantes que se chamaban misións. Consistían en convocar nun lugar un número grande de persoas para adoutrinalas. Cada misión duraba varios días e os predicadores eran habitualmente frades xesuítas ou franciscanos. Adoitaban deixar en recordo unha cruz e unha inscrición coa data.

A que se celebrou no Campo da Misión, en Cabreira, Salvaterra de Miño, tivo lugar en 1901 e deixou unha historia tráxica que se conta no libro *Contos e lendas do Miño* (2008). Predicaron dous xesuítas e acudiron milleiros de almas dunhas catorce parroquias de arredor.

Ao parecer, cando o crego comezou a esparexer auga bendicida para celebrar o rito do bautismo, cruzou por enriba da xente unha bandada de corvos grallando.

A concorrencia asustouse e esparexeuse espantada, a cerimonia interrompeuse e a maldición —quizais por quedar o lugar sen protección divina— caeu sobre o Campo da Misión.

Desde entón de noite andan polo lugar estrañas sombras, pasea a Estantiga e até se deixa ver polo unha muller

espida que disque busca homes para levalos canda ela ao Alén.

Serie: Micromitos Publicación: *Nós Diario*, 27 de novembro de 2020.